- Busca e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios.
- Fontes de información: criterios de procura e selección de información fiable, pertinente e de calidade.
- Comunicación e difusión da información de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual.
- Estratexias de procura e selección de información.
- Análise dos riscos e consecuencias da manipulación e da desinformación.
- Estratexias de organización da información: a escritura como mecanismo para organizar o pensamento (notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos¿).
- Achegamento ao emprego correcto do sistema de citación e uso das referencias bibliográficas nas creacións propias.
- Utilización responsable das tecnoloxías da información e da comunicación. Dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais, tanto para a procura de información, como para a realización de proxectos escolares.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Identificación e emprego de recursos lingüísticos para amosar a implicación do emisor nos textos: formas de deixé (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización.
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Os tempos de pretérito na narración. Correlación temporal no discurso relatado.
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Recoñecemento e utilización do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo. Contextos de uso.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Emprego correcto dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma.
- Expresión, a través de modelos, da experiencia lectora e de diferentes formas de apropiación e recreación dos textos lidos.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos escritos en lingua galega atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Lectura guiada.
- Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario galego dende a Idade Media ata o século XIX.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias, en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de par - Relación e comparación dos textos lidos en lingua galega e lingua castelá con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, estruturas e linguaxes. - Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios, atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino. Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, co - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.). - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple). - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico das oracións coordinadas. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.

UD	Título da UD	Duración
4	Lingua estranxeira (inglés)	105

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar de forma guiada información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	Comprender o sentido global e explícito de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns.	PE	80
CA6.2 - Interpretar e, de forma guiada, valorar o contido e os trazos discursivos de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe, así como de textos literarios adecuados ao nivel de madurez do alumnado.	Seleccionar e aplicar de forma guiada as estratexias e coñecementos básicos para comprender o sentido xeral dos textos; interpretar elementos non verbais e buscar información.		
CA6.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información veraz.	Seleccionar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, e a información esencial dos textos, buscando información veraz.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.5 - Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, seguindo pautas establecidas, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	Redactar textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público evitando o plaxio.		
CA6.4 - Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado co fin de describir, narrar e informar en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, control, compensación e cooperación básicas.	Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público.		
CA6.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, a características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades do interlocutor ou interlocutora potencial a quen vai dirixido o texto.	Seleccionar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas.		
CA6.7 - Planificar, participar e colaborar de maneira activa, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións dos interlocutores e interlocutoras.	Seleccionar e aplicar coñecementos e estratexias para producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas mostrando respecto.	TI	20
CA6.8 - Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, resumir, colaborar, debater e resolver problemas.	Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións.		
CA6.9 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polos interlocutores e interlocutoras, así como polas linguas empregadas, e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que faciliten a comunicación, que sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas.		
CA6.11 - Comparar e, de forma guiada, argumentar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	Comparar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.		
CA6.12 - Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.		
CA6.13 - Rexistrar e analizar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar o seu progreso, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Rexistrar, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando con axuda, as estratexias básicas para superar esas dificultades e consolidar o seu progreso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás. - Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares - Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación) - Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación - Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da infor - Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos padróns. - Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, padróns e elementos gráficos.

Contidos

- Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colabora
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas et
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do re
- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico pers
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

- Empregarase unha metodoloxía flexible e aberta que combine os contidos de Comunicación e Ciencias Sociais de xeito que o proceso de ensinanza-aprendizaxe se conciba global e unitario. Convén fomentar o deseño de actividades interdisciplinarias que integren os distintos contidos do ámbito para que o alumnado poida obter a máxima produtividade dos coñecementos impartidos en cada unha das materias.
 - Fomentarase a aprendizaxe baseada en proxectos que favorecerá esa interdisciplinariade, ao deseñar situacións de aprendizaxe contextualizadas e reais que inclúan a integración das competencias, dos obxectivos e dos contidos, a través de metodoloxías motivadoras e cooperativas que permitan a participación activa do alumnado no seu propio proceso formativo, así como a adquisición dunha progresiva autonomía persoal mediante actividades que combinen o traballo individual e o cooperativo.
 - Predominará o enfoque eminentemente práctico que implica a realización de tarefas variadas desde o punto de vista lingüístico e social. Elaboración de actividades de creación de textos, vinculados aos ámbitos académico, social, xornalístico ou literario, tendo en conta a importancia da situación comunicativa, o rexistro e as estruturas gramaticais e pragmáticas apropiadas en cada caso. Planificación de exposicións orais sinxelas ou debates sobre temas de actualidade, así como a lectura, comprensión e análise de textos orais e escritos de diversa índole. Polo que se refire á elaboración de tarefas asociadas ás Ciencias Sociais, aproximámonos á identificación e localización temporal de feitos, personaxes, movementos, manifestacións culturais, literarias e artísticas, recoñecendo e analizando de maneira crítica as grandes transformacións da sociedade a través dos períodos históricos máis significativos, e contrastando as informacións procedentes de distintas fontes co fin de procurar un coñecemento nítido da evolución histórica e social do ser humano e que cheguen a comprender, na medida do posible, como os feitos do pasado teñen aínda vixencia no presente.
- O proceso de ensino-aprendizaxe da lingua estranxeira desenvolverase desde un enfoque orientado á acción e á comunicación, tal e como propón o Marco común europeo de referencia, a través de deseños fundamentados na análise de necesidades, orientados a tarefas da vida real e construídos arredor de nocións e funcións seleccionadas deliberadamente. Trátase de realizar proxectos significativos para o alumnado, fundamentados en necesidades comunicativas da vida real, coa guía dos criterios de avaliación que indican o grao de consecución dos obxectivos establecidos no propio currículo.
- A procura de estratexias para o fomento do hábito lector. É necesario que os alumnos e alumnas comprendan que a lectura é unha fonte de pracer e para conseguilo, ademais do achegamento a fragmentos de obras clásicas que se

abordan nos contidos de educación literaria, seleccionaranse textos ou fragmentos de obras que se aproximen ás súas motivacións persoais e ás súas experiencias. Lectura tamén de banda deseñada, que permite, ademais, o traballo conxunto arredor da comunicación verbal e non verbal.

A utilización de instrumentos e procedementos de avaliación diversos, flexibles e adaptados ás características do alumnado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
a) Os libros de lectura que dan nome ás dúas últimas UD e material elaborado a partir de bibliografía de diferentes editoriais. b) Cadernos de actividades de comprensión oral e comprensión escrita, ortografía, léxico, gramática e tipoloxía textual de diferentes editoriais, tanto en galego como castelán. c)
b) Inglés: Teamwork 3 Basic Practice.

Non empregamos libro de texto para a impartición do ámbito, excepto en inglés. Traballaremos a partir de tres mini proxectos, un por avaliación. Os materiais e os recursos son variados e multimodais para traballarmos a alfabetización mediática informacional (AMI). Non só recursos físicos senón tamén humanos (charlas con persoeiros representativos dalgun sector socio-político-económico, encontros con autoras e autores,...), Non só recursos tanxibles, senón tamén actividades complementarias e extraescolares que axudarán a conseguir os nosos obxectivos (por exemplo: roteiro "Cidade Medieval" polo casco antigo de Coruña, a participación no proxecto "Agra: un barrio de coidados", ...)

En lingua estranxeira empregamos o nivel Básico do libro de texto de 3º ESO: Teamwork 3 da editorial Burlington Books, máis exercicios sacados de diferentes manuais de nivel básico específico de Diversificación Curricular. Faremos referencias continuas a material subido a Aula Virtual do centro e usamos o libro dixital na aula.

Emprego das TIC como un recurso educativo máis que proporciona as ferramentas necesarias para acadar a accesibilidade e a inclusión.

Xornais, revistas e outros soportes de textos da vida cotiá.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial basearase en textos de comprensión lectora, na elaboración de textos de creación propia de diversa índole e en actividades orais e escritas para comprobar o nivel de uso das linguas e outros contidos das diversas materias que se inclúen no ámbito.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	25	25	25	25	100
Proba escrita	60	60	60	80	65
Táboa de indicadores	40	40	40	20	35

Criterios de cualificación:

A) Aplicaremos os seguintes criterios de cualificación do alumnado para LINGUA GALEGA, LINGUA CASTELÁ e XEOGRAFÍA E HISTORIA:

Calquera variación será reflectida na memoria da avaliación correspondente:

- Os exames*ou probas de coñecemento que faga o alumnado suporán un 60% da cualificación global.
- Os traballos, exercicios (dentro ou fóra da aula) suporán un 10-20% da cualificación. Neste apartado pódese valorar os cadernos do alumnado coas notas e apuntamentos recollidos na aula, así como outras actividades escritas regulares ou de carácter puntual. Poderá descontarse por este apartado ata un máximo de 1 punto.
- A correcta expresión oral e o interese participativo na aula 10-20% da cualificación. Isto inclúe a calidade da expresión, mais tamén a mesma iniciativa na participación na aula: as preguntas, os coloquios, os debates, etc.
- Así mesmo o libro de lectura proposto para a avaliación contará un 10% da cualificación total. Se o profesorado así o decide haberá a posibilidade de ler un segundo libro que se valorará con ata un máximo de 1 punto.

A cualificación do alumnado en cada avaliación será o resultado da aplicación dos criterios anteriores, sempre desde a óptica do profesor/a, coñecedor/a da traxectoria de cada alumno/a.

A corrección na expresión: o obxectivo será de consecución dunha correcta expresión tanto oral como escrita na nosa lingua, tendo en conta o nivel e a etapa educativa do alumnado. Polo tanto, nas probas escritas que se realicen, así como traballos, a puntuación verase afectada polas faltas de ortografía, expresión oral e escrita. Poderanse descontar ata un máximo de 2 puntos nos niveis máis elevados.

Cómpre contemplar dous aspectos: por un lado os criterios de cualificación dun exercicio concreto, e por outro o sistema seguido ao longo do curso a través das diferentes avaliacións.

Con respecto ao primeiro, todo pode e debe ser, en principio, avaliable por parte do profesorado, quer os exercicios escritos, quer as intervencións orais de aula. O profesorado terá en conta a actitude de cada alumno/a, non necesariamente de forma numérica, o que terá a súa incidencia nas cualificacións dos diferentes exames ou probas orais ou escritas que se realizaren. As cualificacións, en calquera caso, incidirán no grao de competencia do alumnado, mais tamén na actitude, no grao de madurez expresiva e comprensiva e nos valores que se integran nos contidos transversais.

Agás as excepcións que houber, o normal será a realización de dúas probas escritas por cada período de avaliación, sen que por sistema haxa recuperación de cada unha delas. Como se comprende que a aprendizaxe ha ser progresiva, tamén a avaliación debe ser entendida como continua, de xeito que un alumno poida superar progresivamente os contidos non superados antes, e isto sen que se supoña a repetición da proba. De calquera xeito, os alumnos poderán, superar diferentes partes da materia nas probas que, a criterio do docente e tendo en conta o nivel, se puideren realizar ao final do curso.

B) Aplicaremos os seguintes criterios de cualificación para a LINGUA ESTRANXEIRA (inglés)

Teñen un peso do 80% da nota:

- Grammar & Vocabulary como utilización dos tempos verbais estudados, encher ocós, transformar oracións, responder a preguntas, etc. e de recoñecemento do vocabulario estudado (tradución, completar definicións, utilízalo en oracións, etc.); Irregular verbs (o 50% de peso en cada avaliación, verbos 10 %).
- Reading (Comprensión escrita): comprobación da lectura comprensiva dun texto mediante preguntas, exercicios de opción múltiple, verdadeiro-falso, etc. e comprobación do grao de comprensión do léxico do texto (o 20% de peso en cada avaliación).
- Writing (Expresión escrita): exercicios de redacción de distinta tipoloxía de textos, seguindo os modelos estudados na aula (o 20% de peso en cada avaliación).
- Listening (Comprensión oral): comprobación do grao de comprensión oral de gravacións mediante exercicios de opción múltiple, completar oracións, verdadeiro-falso, contestar a preguntas, asociar fragmentos a oracións, etc (o 10% de peso en cada avaliación).

Teñen un peso do 20% da nota (en cada avaliación):

- Tráballo e actitude: Valorárase positivamente o esforzo, participación e interese do alumno cara á asignatura, así como as tarefas realizadas na casa e na aula.
- Speaking (Expresión oral): distintos tipos de probas e con distinta temática, como exposicións (individuais ou en grupo), descrición de fotografías, diálogos, etc

- Os exames calificaranse sobre 10 puntos e despois calcularase o 80% da nota obtida. O resultado desta operación será sumado ao obtido polo alumno/a no apartado do 20%. Deste xeito obtense a cualificación final.

- Probas de verbos irregulares: terán un valor dun 10% na(s) avaliación(s) na(s) que se realice(n), dentro do apartado de Vocabulary and grammar.
- Probas de expresión oral: serán realizadas a criterio do profesor. Terían un valor dun 10% na(s) avaliación(s) na(s) que se realizara(n), dentro do apartado de Traballo/Actitude/Speaking.
- O alumnado promocionará sempre que obteña unha nota mínima de 5, unha vez terminados os diferentes aspectos da avaliación e sumadas as porcentaxes correspondentes de cada parte integrante da cualificación.
- Avaliacións non superadas: a avaliación será continua e, polo tanto, NON haberá recuperacións. Se o alumno suspende unha das avaliacións, recupérase aprobando as seguintes, xa que en todas as probas se inclúen contidos das avaliacións anteriores.
- O alumno/a deberá acadar os obxectivos do curso na AVALIACIÓN FINAL, coincidente coa 3ª avaliación do 21 xuño.
- Criterios de corrección: para a corrección das probas de expresión escrita (Writing) valoraranse os seguintes aspectos:
 - Adecuación á tarefa requirida (carta, e-mail, entrada de blog, narración, etc.). En caso de que a adecuación sexa nula, é dicir, que a resposta do alumnado non teña nada que ver coa tarefa requirida, os demais criterios non serán aplicables.
 - Relevancia do contido e rexistro esixido pola mesma.
 - Coherencia e cohesión da información e das ideas, mantendo a liña discursiva, organizándoa en parágrafos mediante o uso adecuado de conectores discursivos estudados, variedade e precisión da información, do léxico e das estruturas empregadas.
 - Corrección gramatical (estructuras verbais e nominais, dominio no uso dos tempos adecuados á tarefa), léxica e ortográfica, aínda que pode haber pequenos erros que non impidan a comprensión.
 - A proba de expresión escrita deberá ter o número de palabras especificadas no enunciado do exercicio.
- Un exame NON poderá ser cualificado positivamente cando algunha das partes que se avalíen: Vocabulario e gramática, Listening (comprensión oral), Reading (comprensión escrita), Writing (expresión escrita) e/ou Speaking (expresión oral), estea en branco ou moi insatisfactoriamente resolta.

CADA MATERIA DO ÁMBITO TERÁ UN PESO DE 25% NA CUALIFICACIÓN FINAL DE CADA AVALIACIÓN. PARA SUPERAR O ÁMBITO DEBERASE ACADAR UN MÍNIMO DE 3 PUNTOS EN CADA MATERIA.

ADDENDA:

Na avaliación final teranse en conta os cambios legislativos que se indican a seguir:

ORDE do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia establece, entre outros aspectos, o calendario das sesións de avaliación final das distintas etapas educativas.

Incorpórase como disposición derradeira primeira o seguinte texto:

«Disposición derradeira primeira. Modificación da Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no Sistema educativo de Galicia.

Modifícase o número 8 do artigo 7 da Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no Sistema educativo de Galicia, que queda redactado como segue:

«8. A cualificación definitiva das materias e dos ámbitos farase efectiva na avaliación final do curso.»»

Criterios de recuperación:

Só para Lingua Castelán, Lingua Galega e Xeografía e Historia.

A aprendizaxe será progresiva, nun sistema de avaliación continua, sendo posible a recuperación da materia na avaliación seguinte en que se inclúe entre un 20 e un 30% dos contidos da avaliación anterior. En todo caso, os alumnos que non superen algunha das avaliacións ou todas no final do curso poderán ser convocados a unha proba global ou referida aos contidos dunha avaliación. Se a aprobaren, os alumnos terán superada a materia correspondente.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No caso dos Programas de Diversificación, será a propia profesora do Ámbito que vaia facendo un seguimento do traballo para a recuperación das materias pendentes. A maiores están as probas oficiais que o propio centro data.

PLANS DE TRABALLO PARA A SUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE DE 3º PDC (Lingua estranxeira - Inglés)

O profesorado do curso actual daralle ao alumnado co inglés pendente un caderno de fichas con material de apoio e repaso para que o alumnado poida traballar os aspectos mais relevantes do nivel ou niveis que ten pendente. Así mesmo fará un seguimento puntual do traballo e progreso dos alumnos durante todo o curso, resolvendo as

dúvidas e poñendo a súa disposición material extra de apoio e repaso se o alumnado o require. As fichas realizadas poderán subir a nota obtida no exame ata un máximo de 1 punto, en función do grao de realización das mesmas. Ademais, farán DÚAS PROBAS ao longo do curso nas datas fixadas pola Xefatura de Estudos no calendario xeral de Examen de Pendentes.

Consideramos que a materia de Inglés debe avaliarse de forma continua; polo tanto, a 2ª proba é global. Isto quere dicir que si un alumno/a suspendera a 1ª proba, podería aprobar a materia na 2ª, xa que os contidos da 1ª volven a entrar na 2ª.

Se o alumno/a NON aprobase a 2ª proba parcial, terá a posibilidade de facer UNHA PROBA GLOBAL na data especificada pola Xefatura de Estudos. A realización de dita proba SERÁ OBRIGATORIA para ter opción de aprobar a materia pendente.

Se o alumno/a non superase a materia na AVALIACIÓN ORDINARIA terá que facer unha nova proba na convocatoria extraordinaria nas datas fixadas pola Xefatura de Estudos.

Un exame NON poderá ser cualificado positivamente cando algunha das partes que se avalíen: Vocabulario e gramática, Reading (comprensión escrita), Writing (expresión escrita) e/ou Listening (comprensión oral) estea en branco ou moi insatisfactoriamente resolta.

6. Medidas de atención á diversidade

Os programas de diversificación curricular xa son, de seu, unha medida de atención á diversidade específica, pois consisten na modificación e naadaptación do currículo desde o terceiro curso de educación secundaria obrigatoria e están orientados á consecución do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria por parte do alumnado que presente dificultades relevantes de aprendizaxe e

para o cal, tras ter recibido medidas de atención á diversidade nos dous primeiros cursos da etapa, se considere que é a medida máis axeitada para a obtención do dito título, nos termos que establece a consellería con competencias en materia de educación.

A maiores de esta agrupadas as materias en ámbitos, optaremos (sempre que for posible) aos reforzos de programas tipo PROA, ARCO que a Consellaría nos proporcione.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	
ET.9 - Creatividade	X	X	X	
ET.10 - Educación para a sustentabilidade	X	X	X	
ET.11 - Educación para a saúde física e emocional	X	X	X	

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Castelo de San Antón	Visita guiada ó Castelo de San Antón	X		
Agra: un barrio de coidados	O proxecto pretende fortalecer as capacidades dunha comunidade-barrio e de actores multiplicadores clave para identificar as vulneracións do dereito ao hábitat que viven, así como para fortalecer as capacidades e ferramentas para a defensa do mesmo.		X	X
Cidade Medieval	Itinerario guiado pola cidade vella			X

Observacións:

O Departamento de Lingua Galega e Literatura, na liña de actuación que vén desenvolvendo nos últimos anos, realiza moitas das súas actividades en colaboración coa Biblioteca, co EDLG, co Concello e mais coa Biblioteca do Centro Cívico e Cultural Ágora. Colaboraremos con dito departamento participando nas actividades propostas:

- Actividades no centro relacionadas co Samaín e previas ao Nadal.
- Visitas de escritores/as de obras literarias ou doutras expresións artísticas traballadas polo alumnado nos diferentes niveis.
- Actividades no centro relacionadas coa celebración das Letras Galegas 2024: Concursos literarios, visitas de autores, etc.
- Outras actividades culturais de diversos tipos.

En colaboración co departamento de Historia e Xeografía, participaremos no proxecto "Agra: un barrio de coidados" .

Ademais solicitaremos diversas saídas culturais como a visita ó Castelo de San Antón ou o roteiro "Cidade Medieval".

*Como acontece sempre cando recibamos durante este ano propostas para o departamento e o alumnado tentaremos inserilas nesta programación.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
a) Con respecto á planificación, poderanse ter en conta os seguintes indicadores: 1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe. 2. Programa a materia tendo en conta os planos e proxectos educativos do centro. 3. Programa a materia tendo en conta o tempo de que se dispón para o desenvolvemento desta. 4. Formula os obxectivos didácticos de forma que expresen as competencias a acadar. 5. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe e das necesidades do alumnado. 6. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado. 7. Establece, de xeito explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación. 8. Coordínase co resto do profesorado do departamento e do centro que poidan ter contidos afíns (Tratamento Integrado de Linguas).
Metodoloxía empregada
b) Con respecto ao desenvolvemento, os indicadores serían: 1. Organiza os contidos dando unha visión xeral de cada tema (índices, esquemas...). 2. Relaciona os conceptos novos cos xa coñecidos. 3. Mostra predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das aulas. 4. Optimiza o tempo de que se dispón para o desenvolvemento do Proxecto. 5. Utiliza as TIC para apoiar os contidos na aula. 6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída co alumnado. 7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensíbel para os alumnos e as alumnas. 8. Elabora actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe. 9. Presenta actividades de grupo e individuais. 10. Facilita estratexias de aprendizaxe (como buscar información, ou resolver problemas).
c) Con respecto ao seguimento e avaliación, eis os indicadores: 1. Realiza a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel do alumnado. 2. Detecta os coñecementos previos. 3. Revisa os traballos propostos. 4. Fornece a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como melloralas. 5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades e dá pautas para a mellora das aprendizaxes. 6. Utiliza procedementos e instrumentos variados de recolla de información. 7. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado á avaliación dos diferentes contidos e das competencias clave. 8. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación. 9. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente. 10. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados. 11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados
Clima de traballo na aula
d) Con respecto á motivación do alumnado, os indicadores serán: 1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada tarefa. 2. Utiliza distintos recursos para introducir a unidade (lecturas, cancións, vídeos, debates, diálogos...). 3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade. 4. Informa sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas. 5. Relaciona os contidos e actividades cos intereses do alumnado. 6. Estimula a participación activa dos estudantes na aula. 7. Promove a reflexión sobre os temas tratados.

Descrición:

Os INDICADORES DE LOGRO mediranse do 1 ao 5 do seguinte xeito: Nunca (1) Poucas veces (2) A miúdo (3) Case sempre (4) Sempre (5)

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A presente programación concíbese como algo vivo, non fixo nin ríxido, e terá de ser avaliada dun xeito progresivo e continuado ao longo do curso.

Este seguimento reflexivo terá o seu confronto e contraste nas reunións periódicas de Departamento, onde cada profesor informará das estratexias e todo tipo de ideas que se van xestando.

Un dos aspectos de autoavaliación será o propio cronograma, isto é, a distribución da materia e das actividades didácticas, exames, avaliacións, etc., nunhas datas determinadas. Aínda que desde o inicio se programa con realismo, só a aplicación práctica dos procedementos dará a medida da aptitude do programado.

Calquera aspecto do curso (libros de lectura, viabilidade de libros de texto, capacidade receptiva do alumnado, etc.) poderá ser revisado ao longo do ano lectivo.

9. Outros apartados